

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE TRABAJO E INMIGRACIÓN

17173 *Real decreto 1541/2011, do 31 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 32/2010, do 5 de agosto, pola que se establece un sistema específico de protección por cesamento de actividade dos traballadores autónomos.*

A Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo, define o traballo autónomo, establece o conxunto dos dereitos individuais e colectivos dos traballadores autónomos, regula a figura do traballador autónomo economicamente dependente, recolle as actuacións de fomento do emprego autónomo e mellora o nivel de protección social para o traballador autónomo, tendendo á equiparación co que desfrutaban os traballadores por conta allea.

A disposición adicional cuarta da Lei 20/2007, do 11 de xullo, dirixe un mandato ao Goberno para que elabore un proxecto de lei que regule un sistema específico de protección por cesamento de actividade dos traballadores autónomos. O proxecto de lei foi elaborado e tramitado nas Cortes Xerais, e deu lugar á aprobación da Lei 32/2010, do 5 de agosto, pola que se establece un sistema específico de protección por cesamento de actividade dos traballadores autónomos.

Porén, esta lei, que supón o maior impulso de protección social realizado para os traballadores autónomos, necesita dun desenvolvemento regulamentario posterior para articular as regras concretas de funcionamento do sistema de protección por cesamento de actividade, tanto no referente aos documentos que deben presentar os traballadores autónomos que se vexan na situación de ter que cesar na actividade como nos procedementos que deben levar a cabo os órganos xestores para o recoñecemento do dereito á protección, aboamento e control das prestacións recoñecidas.

Esta lei supón un fito histórico en materia de traballo autónomo ao outorgar un nivel de protección aos traballadores autónomos que de maneira involuntaria cesasen na súa actividade, equiparándoos aos traballadores por conta allea beneficiarios de prestacións por desemprego. Configura unha prestación por cesamento de actividade que estará en función dos períodos de cotización efectuados dentro dos corenta e oito meses anteriores á situación legal de cesamento de actividade, dos cales, polo menos, doce deben ser continuados e inmediatamente anteriores a esa situación de cesamento.

A Lei 32/2010, do 5 de agosto, foi publicada no «Boletín Oficial del Estado» o 6 de agosto de 2010, con entrada en vigor no mes de novembro dese ano. Dado que a duración da prestación por cesamento de actividade estará en función dos períodos de cotización efectuados a partir dos doce meses cotizados, a partir do mes de novembro de 2011 comezará a outorgarse esa prestación para os primeiros cotizantes, o que implica a necesidade de habilitar mecanismos eficaces de xestión desa prestación, que constitúen o obxecto do presente real decreto.

Este real decreto consta de 32 artigos, encadrados en cinco capítulos, máis sete disposicións adicionais, unha transitoria, e tres derradeiras.

O capítulo I desenvolve o obxecto de protección contido na Lei 32/2010, do 5 de agosto, así como os requisitos para o nacemento do dereito, as regras especiais para a situación legal de cesamento de actividade, así como as formas de acreditación de tal situación nas súas diferentes motivacións, determinantes para configurar e garantir a protección do traballador autónomo.

O capítulo II refírese ao réxime e á dinámica da protección por cesamento de actividade do traballador autónomo, que supón desenvolver as regras de solicitude e nacemento do dereito á protección, abarcando a duración da prestación económica e a contía desa prestación económica. Delimitase o aboamento da cotización de Seguridade Social durante a percepción da prestación por cesamento de actividade, así como a

suspensión e o restablecemento do dereito á protección por cesamento de actividade, e as súas facultades de opción e reapertura. Do mesmo modo, introdúcense os suficientes elementos de seguridade xurídica na dinámica da protección que afecta as situacións de incapacidade temporal, maternidade e paternidade.

O capítulo III aborda o réxime financeiro e de xestión do sistema de protección por cesamento de actividade do traballador autónomo.

O financiamento da protección acometerase exclusivamente con cargo á cotización por esa continxencia dos traballadores autónomos que tivesen protexida a cobertura por accidentes de traballo e enfermidades profesionais. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social procederá á repartición do importe das cotizacións diferenciando entre o importe dirixido a cubrir os gastos orixinados polas prestacións que se deben aboar ao traballador autónomo beneficiario e a súa cotización, e o destinado a financiar as actuacións de formación, orientación profesional e promoción da actividade emprendedora.

Os órganos xestores acometerán o pagamento da prestación económica por cesamento da actividade conforme as disposicións contidas nese capítulo, diferenciado entre mutuas de accidentes de traballo e enfermidade profesional da Seguridade Social, Servizo Público de Emprego Estatal e Instituto Social da Mariña.

En caso de que se obteñan resultados positivos da xestión das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, establécense dous tipos de reservas, unha, dotada con ao menos o 80 por cento do total do excedente, que quedará na mutua coa finalidade de garantir a viabilidade financeira da xestión da protección por cesamento de actividade do colectivo de traballadores autónomos que xestiona; outra, dotada con ata o 20 por cento, estará na Tesouraría Xeral da Seguridade Social coa finalidade de garantir a suficiencia financeira do conxunto do sistema de protección por cesamento de actividade dos traballadores autónomos.

O capítulo IV desenvolve as medidas de formación, orientación profesional e promoción da actividade emprendedora.

En canto aos recursos destinados a financiar as actuacións de formación, orientación profesional e promoción da actividade emprendedora, concrétese o sistema de xestión, que establece como o Servizo Público de Emprego Estatal transfire os recursos aos distintos servizos públicos de Emprego das comunidades autónomas, órganos xestores destas actuacións, establecendo unha xestión de pagamento anticipado do 70 por cento dos ingresos en marzo do ano en que se van gastar nas actuacións sinaladas, e un segundo pagamento, do 30 por cento restante, que se aboará no mes de outubro.

Regúlase a xustificación do gasto e o destino dos remanentes non comprometidos dos libramentos feitos efectivos no exercicio anterior, que serán devoltos ao Servizo Público de Emprego Estatal.

O capítulo V contén a regulación das obrigas dos traballadores autónomos, a referencia á normativa de aplicación en materia de infraccións e sancións, e a determinación do reintegro das prestacións indebidamente percibidas, para o cal delimita os supostos en que corresponde directamente ao órgano xestor a declaración como indebida da prestación, supostos en que o órgano xestor comunicará á Tesouraría Xeral da Seguridade Social a resolución en que declare indebida a prestación, e se aplicará o procedemento previsto no Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, e distinguindo os casos en que corresponde ao Servizo Público de Emprego Estatal ou ao Instituto Social da Mariña.

A disposición adicional primeira establece a posibilidade de que o solicitante da protección por cesamento de actividade poida xuntar á súa solicitude calquera documento que coide oportuno para acreditar a concorrencia da situación legal de cesamento de actividade ante o órgano xestor correspondente.

A disposición adicional segunda desenvolve a competencia sancionadora, atribuíndo á delegación do Goberno, se a comunidade autónoma é uniprovincial, ou á subdelegación do Goberno na provincia, en calidade de órganos territoriais da Administración xeral do Estado, a imposición das sancións por infraccións aos traballadores autónomos ou por conta propia, nos casos en que afecten a prestación por cesamento na actividade cando

a xestión corresponda a unha mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social.

A disposición adicional terceira recolle a modificación do Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións na orde social para os expedientes liquidatorios de cotas da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 928/1998, do 14 de maio, engadindo un novo artigo 38 bis, sobre o procedemento para a imposición de sancións aos traballadores autónomos solicitantes ou beneficiarios da prestación por cesamento de actividade, que se iniciará por acta de infracción da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

A disposición adicional cuarta responde ao mandato establecido na disposición adicional décimo cuarta da Lei 32/2010, do 5 de agosto, en que se propón que se articule un sistema de pagamento único da prestación por cesamento de actividade. Este sistema queda concretado nesta disposición para aqueles titulares do dereito que teñan pendente de recibir a prestación por un período de, ao menos, seis meses, e acrediten ante o órgano xestor que van realizar unha actividade profesional como traballadores autónomos ou socios traballadores dunha cooperativa de traballo asociado ou sociedade que teña o carácter de laboral.

Con esta regulación favorécese o autoemprego mediante o traballo autónomo ou a participación como socio traballador en cooperativas e sociedades laborais apoiando fundamentalmente o financiamento do investimento e os gastos pola cotización á Seguridade Social no inicio da actividade.

A disposición adicional quinta dispón a aplicación deste real decreto aos traballadores incluídos no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios, coas características recollidas naquela.

A disposición adicional sexta amplía o ámbito subxectivo de protección por cesamento de actividade respecto a aqueles armadores de embarcacións que prestan servizo a bordo coma o resto da tripulación, enrolados como un tripulante máis e percibindo un salario, os cales, pola súa condición de empresarios, están excluídos da protección de desemprego.

A disposición adicional sétima, sobre xustificación e documentación que deben remitir as comunidades autónomas sen órgano fiscalizador, regula os casos en que a xestión que realice a comunidade autónoma se leve a efecto sen a concorrencia de órgano fiscalizador por non dispor deste segundo a súa propia organización e competencias, nos cales a conformidade será dada pola persoa responsable que teña competencia de control orzamentario ou contable.

A disposición transitoria única establece como gastos de administración que poderán imputar as mutuas aqueles que resulten necesarios para a posta en marcha e desenvolvemento do sistema de xestión da prestación por cesamento de actividade dos traballadores autónomos, tales como os derivados de implantar programas informáticos vinculados á xestión da protección, de desenvolvemento e formación dos seus recursos humanos e, de ser o caso, os de comprobación e seguimento das situacións protexidas.

A disposición derradeira primeira establece o título competencial deste real decreto, ditado ao abeiro da competencia exclusiva en materia de réxime económico da Seguridade Social, atribuída ao Estado polo artigo 149.1.17.^a da Constitución.

A disposición derradeira segunda habilita a persoa titular do Ministerio de Traballo e Inmigración, a Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social e a Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal, no ámbito das súas competencias financeiras e de xestión, para ditar cantas disposicións ou resolucións sexan precisas para o desenvolvemento deste real decreto.

A disposición derradeira terceira establece a entrada en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», con efectos do 1 de novembro, salvo o disposto no artigo 19, que terá efecto desde o 1 de xaneiro de 2011, e a disposición adicional quinta, que entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2012.

Este real decreto dítase facendo uso da autorización prevista na disposición derradeira terceira da Lei 32/2010, do 5 de agosto. No proceso de elaboración do proxecto

foron informadas as comunidades autónomas. Ademais, foron consultadas as asociacións de traballadores autónomos e as organizacións empresariais e sindicais máis representativas de ámbito estatal. Así mesmo, o proxecto conta co informe da Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais do 29 de setembro de 2011.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Inmigración, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de outubro de 2011,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto desenvolver regulamentariamente o sistema específico de protección regulado na Lei 32/2010, do 5 de agosto, pola que se establece un sistema específico de protección por cesamento de actividade dos traballadores autónomos.

Artigo 2. *Requisitos para o nacemento do dereito á protección.*

1. O dereito á protección por cesamento de actividade recoñeceráselles aos traballadores autónomos nos cales concorran os requisitos seguintes:

a) Estar, na data do cesamento de actividade, afiliados, en situación de alta e cubertas as contingencias profesionais e a de cesamento de actividade, no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, así como dos traballadores por conta propia incluídos no réxime especial dos traballadores do mar.

b) Solicitar a baixa no réxime especial correspondente a causa do cesamento de actividade.

c) Ter cuberto o período mínimo de cotización por cesamento de actividade a que se refire o artigo 12 deste real decreto. Para tal efecto será computable o mes en que se produza o feito causante da prestación.

d) Encontrarse en situación legal de cesamento de actividade.

e) Acreditar activa dispoñibilidade para a reincorporación ao mercado de traballo, a través das actividades formativas, de orientación profesional e de promoción da actividade emprendedora a que o poida convocar o Servizo Público de Emprego correspondente, mediante a subscripción do compromiso de actividade a que se refire o artigo 231 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño.

O compromiso de actividade subscribírase co fin de realizar as actividades formativas, de orientación profesional e de promoción da actividade emprendedora antes sinaladas e do cumprimento das obrigas específicas establecidas no artigo 17.1.g) e h) da Lei 32/2010, do 5 de agosto.

f) Non ter cumprido a idade ordinaria para causar dereito á pensión contributiva de xubilación, salvo que o traballador autónomo non acredítase o período de cotización requirido para iso. Para os efectos de acreditación deste requisito, para os traballadores por conta propia do réxime especial do mar considerarase como idade ordinaria a inferior á establecida pola lei que corresponda, por aplicación dos coeficientes redutores, de conformidade co establecido no artigo 1 do Real decreto 1311/2007, do 5 de outubro, polo que se establecen novos criterios para determinar a pensión de xubilación do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, e no Real decreto 1851/2009, do 4 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 161 bis da Lei xeral da Seguridade Social

en canto á anticipación da xubilación dos traballadores con discapacidade en grao igual ou superior ao 45%, así como os que puideren ser de aplicación aos traballadores por conta propia de calquera outro réxime ou colectivo.

g) Estar ao día no pagamento das cotas ao correspondente réxime especial da Seguridade Social na data do cesamento de actividade.

No suposto de que o traballador autónomo non estea ao día no pagamento das cotas, resultará de aplicación o artigo 28 do Decreto 2530/1970, do 20 de agosto, polo que se regula o réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, sempre que o traballador autónomo realice o pagamento no prazo improrrogable de trinta días e teña cuberto o período mínimo de cotización para ter dereito á protección.

Para xustificar o ingreso das cotas dentro do prazo sinalado, o traballador autónomo presentará ante o órgano xestor un certificado da Tesouraría Xeral da Seguridade Social de estar ao día no pagamento das súas cotas.

2. Cando o traballador autónomo teña un ou máis traballadores ao seu cargo e concorra algunha das causas do artigo 5.1 da Lei 32/2010, do 5 de agosto, será requisito previo ao cesamento de actividade o cumprimento das garantías, obrigas e procedementos regulados na lexislación laboral, que será acreditado mediante declaración xurada do traballador autónomo.

En tales casos, comunicárase a extinción da empresa ou o cesamento temporal ou definitivo da súa actividade á Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou ao Instituto Social da Mariña, así como as baixas no correspondente réxime dos traballadores ao seu cargo nos termos dos artigos 18 e 29.1 do Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro.

Artigo 3. *Situación legal de cesamento de actividade. Regras especiais.*

En desenvolvemento do establecido no artigo 5 da Lei 32/2010, do 5 de agosto, establécense as seguintes normas:

a) En todo caso, o feito causante entenderase producido o último día do mes en que teña lugar a situación legal de cesamento de actividade.

b) Nos casos de cesamento de actividade por concorrencia de motivos económicos, técnicos, produtivos ou organizativos, computaranse as perdas derivadas do exercicio da súa actividade nos períodos de referencia, a que se refire o artigo 5.1.a).1.º da Lei 32/2010, do 5 de agosto. En tales casos, consideraranse os que sexan inmediatamente anteriores ao cesamento na actividade, entendendo o seu cómputo desde a concorrencia da causa de cesamento.

c) As execucións tendentes ao cobramento das débedas a que se refire o artigo 5.1.a).2.º da mesma lei deberán ter carácter xudicial ou administrativo.

d) Para os efectos desta prestación, entenderase por forza maior unha forza superior a todo control e previsión, allea ao traballador autónomo ou empresario e que quede fóra da súa esfera de control, debida a acontecementos de carácter extraordinario que non se puidesen prever ou que, previstos, non se puidesen evitar.

e) Nos casos de cesamento de actividade como consecuencia do cesamento polo traballador autónomo das funcións de axuda familiar por separación matrimonial ou divorcio, a que se refire o artigo 5.1.e), o feito causante débese producir no prazo de seis meses inmediatamente seguintes á resolución xudicial ou acordo que estableza esa separación ou divorcio.

Artigo 4. *Acreditación da situación legal de cesamento de actividade por motivos económicos, técnicos, produtivos ou organizativos.*

1. En caso de alegar motivos económicos, técnicos, produtivos ou organizativos, o cesamento de actividade acreditarase mediante unha declaración xurada do solicitante

da prestación en que faga constar a causa do cesamento de actividade acompañada da documentación que lle sirva de fundamento e acredite o motivo alegado.

Así mesmo, cando se aleguen motivos económicos poderase xuntar documentación fiscal relevante, caso de declaracións do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre o valor engadido, ou certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria ou autoridade competente das comunidades autónomas, en que se recollan os ingresos percibidos.

2. En caso de execucións xudiciais, acreditaranse mediante as resolucións xudiciais que inclúan a concorrencia da causa de cesamento. Se se tratar de execucións administrativas, a acreditación realizarase coas resolucións administrativas ditadas para o efecto.

3. En caso de concurso deberase achegar o auto polo que se acorda o peche da totalidade das oficinas, establecementos ou explotacións de que for titular o debedor así como, cando exercese unha actividade empresarial, o cesamento desta.

4. Os traballadores incluídos no réxime especial de traballadores autónomos, por aplicación da disposición adicional vixésimo sétima do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, deberán presentar, xunto á declaración xurada, ademais dos documentos que consideren necesarios, a seguinte documentación, en caso de que estean obrigados a formalizala segundo a normativa específica:

a) No suposto de conselleiros ou administradores da sociedade será requisito de acceso á prestación a acreditación do cesamento na actividade destas funcións mediante a presentación, entre outros documentos, do acordo adoptado en xunta ou da inscrición da revogación do cargo no Rexistro Mercantil.

b) No caso de socios que presten outros servizos para a sociedade, documento que acredite o cesamento na prestación destes e acordo da xunta de redución de capital por perdas.

En ambos os casos, exixirase que diminuíse o patrimonio neto da sociedade por debaixo das dúas terceiras partes da cifra do capital, ou perdas derivadas do exercicio da súa actividade, nun exercicio económico completo, superiores ao 30% dos ingresos, ou superiores ao 20% en dous exercicios económicos consecutivos e completos. En ningún caso o primeiro ano natural de inicio da actividade computará para estes efectos.

5. Os profesionais libres que requiran colexiación para realizaren a súa actividade profesional por conta propia, ademais do recollido no punto primeiro deste artigo, deberán acreditar o cesamento de actividade mediante certificado, emitido polo colexio profesional correspondente, onde se faga constar tal circunstancia, que se acreditará ben mediante a baixa, ben mediante a achega do certificado de colexiado non exercente, ambos expresando a data de efectos.

6. No caso de cesamento de actividade por morte do empresario titular do negocio, o traballador autónomo que veña realizando funcións de axuda familiar no negocio deberá presentar, xunto á declaración xurada, certificado do Rexistro Civil que acredite o falecemento.

Se o cesamento de actividade se produce como consecuencia de xubilación ou incapacidade permanente do titular do negocio, a entidade xestora ou órgano xestor da prestación por cesamento de actividade solicitará do Instituto Nacional da Seguridade Social, cando sexa necesario para o recoñecemento da prestación, a información referente á causa alegada.

Nos casos de establecemento aberto ao público, deberá quedar acreditado o seu peche nos termos previstos no punto seguinte.

7. Nos casos de establecemento aberto ao público, e independentemente do recollido nos puntos anteriores, o traballador autónomo deberá acreditar o seu peche mediante algún dos seguintes documentos:

a) Documentación acreditativa do cesamento na subministración e consumo de servizos inherentes ao desenvolvemento da actividade realizada no establecemento, tales como auga e electricidade.

- b) Documentación acreditativa da extinción, cesamento ou traspaso das licenzas, permisos ou autorizacións administrativas que cumpriren para o exercicio da actividade.
- c) Documentación acreditativa da situación de baixa como suxeito pasivo das obrigas fiscais xeradas como consecuencia do exercicio da actividade no establecemento.
- d) Documentación acreditativa do cesamento na titularidade da propiedade, aluguer, usufruto, traspaso ou calquera outro dereito que habilítase para o exercicio da actividade no establecemento.

No caso dos traballadores por conta propia do réxime especial do mar titulares de embarcacións, deberán proceder a depositar o rol destas na correspondente capitanía marítima, o que se acreditará cun certificado expedido para tal efecto.

Artigo 5. Acreditación da situación legal de cesamento de actividade por forza maior.

Para que o órgano xestor declare a concorrencia de forza maior determinante do cesamento de actividade para os únicos efectos do artigo 6.1.b) da Lei 32/2010, do 5 de agosto, o traballador autónomo xuntará á declaración xurada, en que deberá constar a data da produción da forza maior, a documentación en que se detalle, mediante os medios de proba que coide necesarios, en que consiste o suceso, a súa natureza imprevisible, ou previsible pero inevitable, a súa relación coa imposibilidade de continuar coa actividade, indicando se a forza maior é determinante do cesamento definitivo ou temporal da actividade e, neste último caso, a duración do cesamento temporal aínda que sexa estimada, e calquera outro aspecto que permita ao órgano xestor declarar tal circunstancia.

Artigo 6. Acreditación da situación legal de cesamento de actividade por perda de licenza administrativa.

1. O traballador autónomo acreditará o cesamento de actividade por perda de licenza administrativa mediante resolución da extinción das licenzas, permisos ou autorizacións administrativas habilitantes para o exercicio da actividade, segundo a normativa vixente, en que constará expresamente o motivo da extinción e a data dos seus efectos.

2. Non serán consideradas para estes efectos aquelas resolucións en que quede acreditado que a perda da licenza veña motivada por incumprimentos contractuais ou pola comisión de infraccións, faltas administrativas ou delitos imputables ao autónomo solicitante, ou outros incumprimentos imputables ao traballador autónomo tendentes á perda voluntaria da súa licenza.

Artigo 7. Acreditación da situación legal de cesamento de actividade nos casos de violencia de xénero.

1. As solicitudes de protección por cesamento de actividade nos casos de violencia de xénero das traballadoras autónomas incluírán a declaración escrita da solicitante de que cesou ou interrompeu a súa actividade económica ou profesional e, neste último caso, a duración do cesamento temporal aínda que sexa estimada, e irán acompañadas dalgún dos seguintes documentos: auto de incoación de dilixencias previas, auto en que se acorde a adopción de medidas cautelares de protección á vítima, auto en que se acorde a prisión provisional do detido, auto de apertura de xuízo oral, a orde de protección ou informe ou escrito de acusación do Ministerio Fiscal, ou sentenza xudicial condenatoria.

2. Nos casos de traballadoras autónomas economicamente dependentes, a declaración persoal da traballadora autónoma a que se refire o parágrafo anterior poderá ser substituída pola comunicación escrita do cliente de que dependa economicamente, na cal se fará constar o cesamento ou interrupción da actividade, sen prexuízo de que o resto de documentación sexa preceptiva, incluíndo, ademais, a comunicación ante o rexistro correspondente do Servizo Público de Emprego Estatal da finalización do contrato co cliente.

En caso de que a traballadora autónoma economicamente dependente realizase actividades económicas ou profesionais para outro ou outros clientes, deberase achegar a documentación que acredite a súa finalización.

3. Tanto a declaración como a comunicación deben conter a data a partir da cal se produciu o cesamento ou a interrupción.

Artigo 8. Acreditación da situación legal de cesamento de actividade por divorcio ou acordo de separación matrimonial.

Para os efectos de acreditar a situación legal por cesamento de actividade por divorcio ou acordo de separación matrimonial do artigo 5.1.e) da Lei 32/2010, do 5 de agosto, enténdese por traballador autónomo que exerce funcións de axuda familiar aquel que non continúe realizando a súa actividade no negocio como consecuencia do divorcio ou acordo de separación familiar. Nestes supostos, o solicitante deberá presentar a resolución xudicial ou acordo que corresponda, así como a documentación correspondente en que se constate a perda de exercicio das funcións de axuda familiar directa no negocio, que se viñan realizando con anterioridade á ruptura ou separación matrimoniais.

Artigo 9. Acreditación da situación legal de cesamento de actividade nos traballadores autónomos economicamente dependentes.

1. Sen prexuízo do establecido neste real decreto, os traballadores autónomos economicamente dependentes deberanlle xuntar á súa solicitude a comunicación rexistrada no Servizo Público de Emprego da terminación do contrato co cliente, nos termos do artigo 6.4 do Real decreto 197/2009, do 23 de febreiro, polo que se desenvolve o Estatuto do traballo autónomo en materia de contrato do traballador autónomo economicamente dependente e o seu rexistro e se crea o Rexistro estatal de asociacións profesionais de traballadores autónomos.

Naqueles casos en que a xestión da prestación por cesamento de actividade corresponda ao Servizo Público de Emprego Estatal, este verificará de oficio a comunicación rexistrada a que se refire o parágrafo anterior dispoñible no rexistro dos contratos dos traballadores autónomos economicamente dependentes.

2. En caso de que o traballador autónomo economicamente dependente realice actividades económicas ou profesionais para outro ou outros clientes distintos ao principal, deberá achegar a documentación que acredite a súa finalización.

3. Sen prexuízo da regra xeral prevista nos puntos anteriores, o cesamento de actividade dos traballadores autónomos economicamente dependentes, nos supostos que a continuación se relacionan, poderase acreditar do modo seguinte:

a) Nos casos de terminación da duración convida no contrato ou conclusión de obra ou servizo co cliente, mediante o disposto no número 1 deste artigo.

b) O incumprimento contractual grave do cliente, mediante comunicación por escrito deste, en que conste a data a partir da cal tivo lugar o cesamento da actividade, mediante a acta resultante da conciliación previa ou mediante resolución xudicial.

c) A rescisión da relación contractual adoptada por causa xustificada do cliente acreditarase mediante a comunicación escrita expedida por este nun prazo de dez días hábiles desde a súa concorrencia, na cal se deberá facer constar o motivo alegado e a data a partir da cal se produce o cesamento da actividade do traballador autónomo.

d) A rescisión da relación contractual adoptada por causa inxustificada polo cliente acreditarase mediante comunicación expedida por este nun prazo de dez días hábiles desde a súa concorrencia, na cal se deberá facer constar a indemnización aboada e a data a partir da cal tivo lugar o cesamento da actividade, mediante a acta resultante da conciliación previa ou mediante resolución xudicial con independencia de que o cliente recorre contra ela.

e) A morte, incapacidade ou xubilación do cliente acreditarase mediante certificado de defunción do Rexistro Civil ou comunicación do Instituto Nacional da Seguridade

Social acreditativa do recoñecemento da pensión de xubilación ou incapacidade permanente, cando tal circunstancia non lle conste á entidade xestora ou órgano xestor da prestación, así como pola comunicación expedida polo cliente en que se faga constar a rescisión da relación como consecuencia da xubilación ou incapacidade permanente.

Nos supostos das letras c), d), e e) en caso de non se producir a comunicación por escrito, o traballador autónomo poderá solicitar ao cliente, deixando a debida constancia, que cumpra con ese requisito, e se transcorridos dez días hábiles desde a solicitude o cliente non responde, o traballador autónomo economicamente dependente poderá acudir ao órgano xestor para informar de tal situación, achegando copia da solicitude realizada ao cliente e solicitando que lle sexa recoñecido o dereito á protección por cesamento de actividade.

Artigo 10. *Acreditación da situación legal de cesamento de actividade polos traballadores autónomos que exercen a súa actividade profesional conxuntamente, polos socios traballadores, e aspirantes a socios en período de proba, das cooperativas de traballo asociado.*

1. Aos traballadores autónomos que exerzan a súa actividade profesional conxuntamente seralles de aplicación o disposto neste real decreto, sen prexuízo das particularidades recollidas na disposición adicional sétima da Lei 32/2010, do 5 de agosto, para a documentación necesaria para acreditar o cesamento de actividade en cada un dos casos.

2. As situacións legais de cesamento de actividade dos socios traballadores e aspirantes a socios en período de proba das cooperativas de traballo asociado serán as establecidas na disposición adicional sexta da Lei 32/2010, do 5 de agosto, e acreditaranse de acordo coas normas recollidas no punto segundo dese precepto e mediante os seguintes documentos:

a) A expulsión improcedente da cooperativa, mediante a notificación do acordo de expulsión por parte do consello reitor da cooperativa ou órgano de administración correspondente, indicando a súa data de efectos e, en todo caso, a acta de conciliación xudicial ou a resolución definitiva da xurisdición competente que declare expresamente a improcedencia da expulsión.

b) As causas económicas, técnicas, organizativas ou produtivas, por parte da sociedade cooperativa, de acordo co previsto no artigo 4.1. Así mesmo, deberase achegar certificación literal do acordo da asemblea xeral ou, de ser o caso, do consello reitor, se así o establecen os estatutos, polo que se designan os socios traballadores concretos que deben causar baixa na cooperativa.

Se o cesamento de actividade dos socios traballadores das cooperativas de traballo asociado comporta o peche do establecemento aberto ao público, deberase acreditar tal aspecto de acordo co previsto no artigo 4.7 do presente real decreto.

c) A forza maior, na mesma forma descrita no artigo 5.

d) A finalización do período a que se limitou o vínculo societario de duración determinada, mediante certificación do consello reitor ou órgano de administración correspondente da baixa na cooperativa por tal causa e a súa data de efectos.

e) O cesamento de actividade por causa de violencia de xénero nas socias traballadoras, na forma prevista no artigo 7.

f) O cesamento de actividade por extinción ou revogación de licenza administrativa da cooperativa, conforme o indicado no artigo 6.

g) O cesamento de actividade do aspirante a socio durante o período de proba, mediante comunicación de non admisión por parte do consello reitor da cooperativa ou órgano de administración correspondente.

CAPÍTULO II

Réxime da protección

Artigo 11. *Solicitud e nacemento do dereito á protección por cesamento de actividade.*

1. A solicitude do recoñecemento do dereito realizarase na mesma mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social con que se teñan cubertas as continxencias derivadas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais e deberanse xuntar os documentos que neste real decreto se indican.

No suposto de traballadores autónomos que teñan cuberta esa protección co Instituto Social da Mariña, a solicitude realizarase ante esa entidade. No suposto de traballadores que teñan cubertas esas continxencias co Instituto Nacional da Seguridade Social, a solicitude realizarase ante o Servizo Público de Emprego Estatal.

En todos estes supostos o recoñecemento dará dereito ao desfrute da correspondente prestación económica a partir do primeiro día do mes seguinte a aquel en que se produciu o feito causante do cesamento de actividade, nos termos contidos no artigo 3.a) deste real decreto. Cando o traballador autónomo economicamente dependente finalizase a súa relación co cliente principal, para ter dereito ao desfrute da prestación non poderá ter actividade con outros clientes a partir do día en que inicie o seu cobramento.

2. O recoñecemento do dereito á protección pola situación legal de cesamento de actividade poderase solicitar ata o último día do mes seguinte a aquel en que se produciu o cesamento de actividade, mediante a formalización do impreso de solicitude e a presentación dos documentos que neste real decreto se indican para cada suposto.

3. En caso de presentación da solicitude transcorrido o prazo fixado no número anterior, e sempre que o traballador autónomo cumpra co resto de requisitos exixidos legalmente, descontaranse do período de percepción os días que medien entre a data en que se debería ter presentado a solicitude e a data en que se levou a cabo tal presentación.

Nos casos de solicitude fóra de prazo, o dereito nacerá a partir do día de presentación da solicitude.

4. Unha vez presentada a solicitude coa documentación correspondente, o órgano xestor requirirá o traballador autónomo para que, no prazo de dez días hábiles, emende os defectos que se observen ou achegue os documentos preceptivos non presentados co fin de acreditar a situación legal de cesamento de actividade.

5. O órgano xestor resolverá, no prazo de 30 días hábiles desde que reciba a solicitude con toda a documentación preceptiva, o dereito á prestación mediante decisión do órgano xestor en que consten expresamente o período de percepción da prestación e a súa contía mensual, así como a posibilidade de formular reclamación previa sempre ante o propio órgano xestor antes de acudir ante o órgano xurisdiccional da orde social competente, ou a posibilidade de acudir directamente á vía xurisdiccional nos supostos en que non sexa preceptiva a reclamación previa ante o órgano xestor, con indicación en todo caso do prazo de interposición.

Na decisión do órgano xestor incluírase o requirimento ao traballador para que compareza, no prazo de 15 días hábiles desde a súa recepción, ante o Servizo Público de Emprego correspondente, co fin de formalizar a súa inscrición, se non a efectuase previamente, para os efectos de cumprir as exixencias do compromiso de actividade suscrito segundo o disposto no artigo 2.1.e).

Así mesmo, advírtese de que se non se inscribe no prazo indicado, considerarase que non fixo efectivo o compromiso de actividade, o que será causa de anulación da decisión do órgano xestor e de reintegro, de ser o caso, das prestacións indebidamente percibidas, sen prexuízo de que, no suposto de que se inscriba fóra dese prazo, poida formular unha nova solicitude.

6. O órgano xestor farase cargo da cota de Seguridade Social a partir do mes inmediatamente seguinte ao do feito causante do cesamento de actividade, entendendo aquel nos termos contidos no artigo 3.a), sempre que se solicitase en forma e no prazo previsto no número 2.

Se a solicitude se presenta unha vez transcorrido o prazo fixado, aplicarase á cotización á Seguridade Social o mesmo desconto de días que figura no número 3 deste artigo.

7. Cando o traballador autónomo economicamente dependente finalizase a súa relación co cliente principal e tivese actividade con outros clientes, o pagamento e a cotización da prestación efectuarase a partir da finalización desas actividades.

8. O traballador autónomo ao cal se lle recoñecese e desfrutase o dereito á prestación económica por cesamento de actividade poderá volver solicitar un novo recoñecemento sempre que concorran os requisitos legais e transcorresen, polo menos, dezaoito meses desde o recoñecemento do último dereito á prestación polo órgano xestor.

Se o traballador autónomo reúne todos os requisitos exixidos salvo o do transcurso de 18 meses desde o mes do nacemento do dereito anterior, poderá solicitar o dereito nos 15 días hábiles seguintes ao de cumprir ese prazo e, nese caso, o dereito á prestación e á cotización á Seguridade Social nacerá a partir do primeiro día do mes seguinte ao da solicitude.

Se se solicita fóra do prazo indicado, producirase o desconto do período que medie entre o día en que rematou o prazo de solicitude e o día en que se presentou a solicitude.

Artigo 12. *Duración da prestación económica.*

1. A duración da prestación por cesamento de actividade estará en función dos períodos de cotización previstos no artigo 8 da Lei 32/2010, do 5 de agosto. Exixirase que, polo menos, doce meses sexan continuados e inmediatamente anteriores a esa situación de cesamento, tomando en consideración para tales efectos o mes en que esta se produza.

2. A duración recoñecida non se ampliará polo feito de que o traballador faga 60 anos durante a percepción da prestación.

3. En ningún caso se poderá aplicar o cómputo recíproco de cotizacións por cesamento de actividade e de cotizacións por desemprego.

4. A duración da protección recoñecerase en meses e consumirse por meses, salvo cando concorran situacións de desconto, redución ou restablecemento da prestación, en que o consumo da duración da prestación e a cotización á Seguridade Social se poderá efectuar por días, considerando para eses efectos que cada mes está integrado por 30 días. Non obstante, se o restablecemento se produce polo cesamento de actividade no traballo autónomo, o consumo da duración e a cotización á Seguridade Social efectuarase por meses.

5. Os períodos de duración da prestación recollidos na disposición adicional primeira da Lei 32/2010, do 5 de agosto, serán de aplicación naqueles casos en que o traballador autónomo teña 60 anos feitos no momento de se producir o feito causante do cesamento de actividade.

6. Non se poderá aplicar o cómputo recíproco de cotizacións por cesamento de actividade entre o réxime especial de traballadores autónomos e o réxime especial de traballadores do mar.

Artigo 13. *Contía da prestación económica por cesamento de actividade.*

1. A base reguladora da prestación económica por cesamento de actividade será a media das bases polas cales se cotizase durante os doce meses continuados e inmediatamente anteriores á situación legal de cesamento, computando para tal efecto o mes completo en que se produza esa situación.

2. Para fixar a contía máxima ou mínima da prestación nos termos recollidos no artigo 9 da Lei 32/2010, do 5 de agosto, teranse en conta as seguintes regras:

a) A carencia de rendas dos fillos a cargo presumirase no caso de que estes non realicen traballos por conta propia ou allea ou ben, realizándoos, non obteñan por eles retribucións iguais ou superiores ás fixadas no artigo 9.2 da Lei 32/2010, do 5 de agosto.

b) Non será necesaria a convivencia cando o traballador declare que ten obriga de alimentos en virtude de convenio ou resolución xudicial, ou que sostén economicamente o fillo.

c) A contía máxima e mínima da prestación por cesamento de actividade recoñecida modificarase pola variación no número de fillos a cargo durante a percepción da prestación.

d) A aqueles colectivos que, conforme as disposicións que desenvolven as normas de cotización á Seguridade Social, elixisen unha base mínima de cotización inferior á base mínima ordinaria de cotización para os traballadores por conta propia ou autónomos, non lles resultará de aplicación a contía mínima da prestación por cesamento de actividade prevista no artigo 9.2 da Lei 32/2010, do 5 de agosto.

Artigo 14. *Aboamento da cotización de Seguridade Social durante a percepción da prestación por cesamento de actividade.*

1. Dentro da acción protectora do sistema de protección por cesamento de actividade, o aboamento da cotización por contingencias comúns incluírá a incapacidade temporal. O aboamento da cotización á Seguridade Social efectuarase polos mesmos períodos en que se percibe a prestación económica por cesamento de actividade.

2. A base de cotización durante a percepción das prestacións por cesamento de actividade corresponde á base reguladora da prestación por cesamento de actividade, nos termos establecidos no punto primeiro do artigo 9 da Lei 32/2010, do 5 de agosto, sen que, en ningún caso, a base de cotización poida ser inferior ao importe da base mínima ou base única de cotización vixente no correspondente réxime e de acordo coas circunstancias específicas concorrentes no beneficiario.

Aqueles colectivos que, durante a actividade, coticen por unha base reducida, en liña co establecido no artigo 13.2.d), cotizarán por unha base de cotización reducida, durante a percepción da prestación por cesamento de actividade.

3. Cando a violencia de xénero sexa determinante do cesamento temporal ou definitivo da actividade da traballadora autónoma e a duración da protección por cesamento de actividade sexa superior a seis meses, a entidade ou órgano xestor iniciarán a cotización á Seguridade Social a partir do sétimo mes, sen prexuízo de que os seis primeiros serán considerados como de cotización efectiva para os efectos das prestacións de Seguridade Social, segundo dispón o artigo 21.5 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

Artigo 15. *Suspensión e restablecemento do dereito á protección.*

1. O dereito á protección por cesamento de actividade suspenderase e restablecerase de acordo co establecido no artigo 10 da Lei 32/2010, do 5 de agosto, e consonte as seguintes regras:

a) Nos casos en que a suspensión do dereito á prestación de cesamento de actividade se produza pola realización dun traballo por conta allea, o traballador deberá ter cesado involuntariamente no traballo para o restablecemento da prestación.

Para os efectos da suspensión ou da extinción do dereito á protección do cesamento de actividade, considerarase traballo toda actividade que xere ou poida xerar retribución ou ingresos económicos, por conta allea ou propia, incompatibles con esta protección.

b) En virtude do disposto no artigo 11.1.f) da Lei 32/2010, do 5 de agosto, o dereito á protección por cesamento de actividade quedará suspendido nos supostos de traslado de residencia ao estranxeiro en que o beneficiario declare que é para a busca ou realización de traballo, ou perfeccionamento profesional, ou cooperación internacional, por un período continuado inferior a doce meses, sen prexuízo da aplicación do previsto sobre a exportación das prestacións nas normas da Unión Europea. Noutro caso, o traslado de residencia ao estranxeiro incumprindo algún dos requisitos anteriores suporá a extinción do dereito.

Tamén suspenderá o dereito a saída ocasional ao estranxeiro por tempo non superior a 30 días naturais por unha soa vez cada ano, sempre que esa saída estea previamente comunicada e autorizada polo órgano xestor.

Noutro caso, a saída ocasional ao estranxeiro incumprindo os requisitos anteriores suporá a extinción do dereito.

2. Cando se suspendese o dereito á protección por cesamento de actividade por calquera causa, poderase restablecer a prestación e a cotización á Seguridade Social sempre que se solicite no prazo dos 15 días hábiles seguintes ao da finalización de tal causa:

a) Se a suspensión do dereito se produciu polo traballo por conta propia, o traballador deberá acreditar que o cesamento nese traballo constitúe situación legal de cesamento de actividade. Nese caso, o dereito ao restablecemento da prestación e á cotización á Seguridade Social nacerá a partir do día primeiro do mes seguinte ao do cesamento de actividade.

b) Se a suspensión do dereito se produciu por calquera outra causa, o traballador deberá declarar que finalizou a causa de suspensión e achegar a documentación xustificativa que lle requira o órgano xestor. Nese caso o dereito ao restablecemento da prestación e á cotización á Seguridade Social nacerá a partir do día seguinte ao da finalización da causa de suspensión.

3. Cando a solicitude de restablecemento se presente fóra do prazo antes indicado, o dereito ao restablecemento da prestación e da cotización á Seguridade Social nacerá a partir do día de presentación da solicitude, con desconto do período que medie entre o día en que terminou o prazo de solicitude e o día en que se presentou a solicitude.

4. O restablecemento suporá o dereito a percibir a prestación por cesamento de actividade que restase pola contía recoñecida no momento do nacemento do dereito, así como da cotización á Seguridade Social pola base reguladora correspondente ao nacemento do dereito.

5. Nos casos de suspensión por sanción non procederá o restablecemento cando esa sanción supuxese a redución e perda do período de percepción ata o esgotamento da duración do dereito.

Artigo 16. *Opción e reapertura do dereito á protección por cesamento de actividade.*

1. Cando o dereito á protección por cesamento de actividade se extinga pola realización dun traballo por conta propia e o traballador autónomo opte, unha vez incurso nunha nova situación de cesamento de actividade, por reabrir o dereito inicial, nos termos do artigo 11.2 da Lei 32/2010, do 5 de agosto, aplicaranse as seguintes regras:

a) As cotizacións que xeraron a protección por cesamento de actividade pola cal non se optase non se poderán computar para o recoñecemento dun dereito a esa protección posterior.

b) A reapertura suporá o dereito a percibir a prestación inicial por cesamento de actividade que restase, pola contía recoñecida no momento do nacemento do dereito, así como a cotización á Seguridade Social pola base reguladora correspondente ao nacemento do dereito inicial.

c) O dereito á reapertura da prestación e á cotización á Seguridade Social nacerá a partir do día primeiro do mes seguinte ao do cesamento de actividade.

2. Nos supostos de exercicio do dereito de opción do artigo 11.2 da Lei 32/2010, do 5 de agosto, o traballador autónomo, no prazo dos 15 días hábiles seguintes ao da comunicación da decisión do órgano xestor aprobatoria da protección por cesamento de actividade xerada polo último traballo por conta propia realizado, poderá optar expresamente por escrito ante o órgano xestor pola protección por cesamento de

actividade anterior. Noutro caso, considerarase exercida a opción pola última protección de cesamento de actividade recoñecida.

Porén, o traballador poderá optar expresamente por escrito ao órgano xestor no momento da solicitude, caso en que se procederá directamente a recoñecer o dereito elixido.

3. A opción formulada expresamente ou por transcurso do prazo será irrevogable.

Artigo 17. Cesamento de actividade, incapacidade temporal, maternidade e paternidade.

1. Nos casos do artigo 13.1 da Lei 32/2010, do 5 de agosto, en que o feito causante da protección por cesamento de actividade se produza mentres o traballador autónomo se encontre en situación de incapacidade temporal, a cotización a cargo do órgano xestor realizarase exclusivamente a partir da data en que se inicie o pagamento da prestación por cesamento de actividade e polo período desta que falte ata a súa extinción. Nestes casos, e en desenvolvemento do disposto no artigo 17.1.c) da mesma lei, o traballador autónomo terá a obriga de comunicar e acreditar a situación de cesamento de actividade ao órgano xestor que aboa a prestación de incapacidade temporal dentro dos 15 días seguintes a aquel en que se produce o cesamento de actividade.

A solicitude da protección por cesamento de actividade débese facer unha vez extinguida a incapacidade temporal, acreditando a situación legal de cesamento de actividade ante a entidade ou órgano xestor desa protección nos 15 días hábiles seguintes ao día de extinción da incapacidade.

2. No suposto previsto no artigo 13.2 da Lei 32/2010, do 5 de agosto, de que o feito causante da protección por cesamento de actividade se produza cando o traballador autónomo se encontre en situación de maternidade ou paternidade, unha vez que se extinga a prestación por maternidade ou paternidade poderase solicitar no prazo dos 15 días hábiles seguintes a protección por cesamento de actividade e sempre que se reúnan os requisitos exixidos, o dereito nacerá ao día seguinte ao de extinción da prestación de maternidade ou paternidade.

3. Cando o beneficiario estea percibindo a protección por cesamento de actividade e pase á situación de maternidade ou paternidade, interromperase a prestación e a cotización á Seguridade Social e pasará a percibir esas prestacións xestionadas directamente polo seu órgano xestor. Unha vez extinguida a prestación por maternidade ou por paternidade, o ente xestor desas prestacións comunicarllo ao órgano xestor da protección por cesamento de actividade, que restablecerá de oficio esa protección pola duración, contía e cotización á Seguridade Social pendente no momento da suspensión.

CAPÍTULO III

Réxime financeiro e xestión do sistema de protección por cesamento de actividade

Artigo 18. Financiamento da protección por cesamento de actividade.

A protección por cesamento de actividade financiarase exclusivamente con cargo á cotización por esa continxencia dos traballadores autónomos que tivesen protexida a cobertura por accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

Artigo 19. Réxime financeiro.

1. En virtude do establecido no artigo 15.1 da Lei 32/2010, do 5 de agosto, unha vez que a Tesouraría Xeral da Seguridade Social coñeza para cada mes o importe ingresado en concepto de cotización por cesamento de actividade do traballador autónomo, procederá, sen máis trámite, a repartir o citado importe entre os entes xestores dese sistema de protección, de acordo coas regras previstas nos puntos seguintes deste artigo.

2. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social procederá a descontar o 1 por cento do importe mensual efectivamente ingresado pola cotización por cesamento de actividade

do traballador autónomo, en concepto de financiamento das medidas de formación, orientación profesional e promoción da actividade emprendedora a que se refire o artigo 14.4 da Lei 32/2010, do 5 de agosto. Unha vez descontado, ese importe será transferido ao Servizo Público de Emprego Estatal para que este último proceda a distribuír ese financiamento entre os diferentes servizos públicos de Emprego das comunidades autónomas, tanto no caso de comunidades autónomas con réxime de financiamento común, como no caso de comunidades autónomas con réxime foral, así como ao Instituto Social da Mariña, con base no establecido no número 4 do artigo 14 da Lei 32/2010, do 5 de agosto.

Os créditos con que se financiarán estas medidas non terán o carácter de fondos de emprego de ámbito nacional a que se refire o artigo 14 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, polo que non será de aplicación o establecido no artigo 86.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, sobre a territorialización anual para a súa xestión polas comunidades autónomas.

3. Unha vez practicado o desconto previsto no número anterior, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social aboará o resto do importe ingresado pola cotización por cesamento de actividade do traballador autónomo aos órganos xestores do sistema de protección por cesamento de actividade das prestacións a que se refire o artigo 3.a) e b) da Lei 32/2010, do 5 de agosto.

Artigo 20. *Pagamento da prestación e cotización á Seguridade Social.*

1. Para o pagamento da prestación económica por cesamento de actividade, os órganos xestores confeccionarán mensualmente unha nómina de perceptores onde se incluírán, entre outros datos, a identificación dos beneficiarios, o importe integro, as retencións e o importe líquido que se satisfará a cada un deles. Unha vez aprobada a nómina por cada órgano xestor competente, este procederá ao seu aboamento, que estará condicionado á existencia de financiamento de acordo co establecido no artigo 22.

O pagamento da prestación por cesamento de actividade realizarase por mensualidades de trinta días, ou polos días que correspondan do mes, en todo caso dentro do mes inmediato seguinte ao que corresponde a súa exixibilidade.

Se o órgano xestor é o Servizo Público de Emprego Estatal ou o Instituto Social da Mariña, o pagamento da prestación realizarase preferentemente mediante o aboamento na conta da entidade financeira colaboradora da rede de pagamento da Tesouraría Xeral da Seguridade Social indicada polo solicitante, da cal sexa titular.

O dereito ao percibo de cada mensualidade da prestación por cesamento de actividade caduca ao ano do seu respectivo vencemento.

2. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social informará mensualmente os órganos xestores da prestación económica por cesamento total da actividade do importe da cotización á Seguridade Social que, con respecto aos beneficiarios desa prestación, deben satisfacer eses órganos xestores.

O ingreso das cotas a que se refire o parágrafo anterior polos órganos xestores realizarase mediante compensación pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social a través da conta de relación e, na mesma recadación en que se efectúa esa compensación, trasladarase ás mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social o importe bruto relativo á incapacidade temporal por continxencias comúns que corresponda.

Non obstante, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social procederá ao ingreso efectivo das cantidades citadas no artigo 19.2 cando así o requira motivadamente o Servizo Público de Emprego Estatal, sempre que este organismo careza da liquidez suficiente para facer efectivo o libramento de fondos establecido no artigo 24.

Artigo 21. *Reservas e excedentes.*

1. Para cada exercicio orzamentario finalizado, as mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social deberán determinar,

independentemente do resto de continxencias que xestionan, o resultado económico obtido como consecuencia da xestión do sistema de protección por cesamento de actividade.

Este resultado determinarase pola diferenza entre ingresos e gastos vinculados a ese sistema de protección, conforme as regras de contabilidade analítica que determine a Intervención Xeral da Seguridade Social.

2. O resultado positivo obtido desa xestión destinarase exclusivamente á constitución das seguintes reservas:

a) Reservas de estabilización por cesamento de actividade nas mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social. Cada mutua destinará á dotación da súa correspondente reserva, ao menos, o 80 por cento do resultado positivo obtido en cada exercicio orzamentario pechado, e que terá como finalidade garantir a viabilidade financeira da xestión da protección por cesamento de actividade do traballador autónomo. Cada mutua materializará esa reserva na mesma forma e condicións establecidas para a reserva por continxencias profesionais.

b) Reserva por cesamento de actividade na Tesouraría Xeral da Seguridade Social. As mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social destinarán á dotación desta reserva a porcentaxe que cada ano estableza o Ministerio de Traballo e Inmigración na orde de cotización anual, do resultado positivo obtido en cada exercicio orzamentario cerrado, sen que en ningún caso esa porcentaxe poida ser superior ao 20 por cento do mencionado resultado. Esta reserva ten como finalidade garantir a suficiencia financeira do sistema de protección por cesamento de actividade do autónomo.

Artigo 22. Viabilidade financeira do sistema de protección por cesamento de actividade.

No suposto de que nalgún momento dun exercicio orzamentario se dea a circunstancia de que algún órgano xestor das prestacións previstas nas letras a) e b) do número 1 do artigo 3 da Lei 32/2010, do 5 de agosto, careza de financiamento para sufragar o importe delas, actuarase seguindo as seguintes regras:

a) En caso dunha mutua, deberá aplicar en primeiro lugar a súa propia reserva de estabilización por cesamento de actividade para financiar o sistema de protección por cesamento.

b) No suposto de que a mutua careza de reserva de estabilización por cesamento de actividade ou que, unha vez aplicada esta, sexa insuficiente, a mutua respectiva solicitará coa debida motivación á Tesouraría Xeral da Seguridade Social o libramento de fondos, con cargo á reserva por cesamento de actividade nesa entidade, do financiamento necesario para facer fronte ás obrigas económicas derivadas deste sistema de protección. Neste sentido, aquelas mutuas que prevexan ter que recorrer a esta reserva comunicaranllo á Tesouraría Xeral da Seguridade Social antes de finalizar o mes de setembro de cada exercicio. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social, unha vez que teña coñecemento desas solicitudes e logo de autorización do Ministerio de Traballo e Inmigración, librará, de ser o caso proporcionalmente ao total solicitado, os fondos ás correspondentes ás distintas mutuas.

c) As mutuas que recorran á reserva da Tesouraría Xeral da Seguridade Social non aplicarán o establecido no artigo 21 ata que reintegren, con cargo ao 80 por cento do resultado positivo obtido, as cantidades detraídas desa reserva.

d) No caso do Servizo Público de Emprego Estatal, aplicarase o remanente de tesouraría afectado á cobertura dos gastos financiados mediante a cotización de cesamento de actividade; para estes efectos tramitarase a oportuna modificación orzamentaria.

e) Na determinación do tipo de cotización correspondente á protección por cesamento de actividade a que se refire o artigo 14.3 da Lei 32/2010, do 5 de agosto, terase en conta, ademais da previsión de ingresos correspondentes ao exercicio para o que cal fixe o tipo, a posible desviación entre os ingresos previstos e os realizados ata esa data.

CAPÍTULO IV

Medidas de formación, orientación profesional e promoción da actividade emprendedora

Artigo 23. *Órganos xestores das medidas de formación, orientación profesional e promoción da actividade emprendedora.*

O deseño, o desenvolvemento e a xestión das medidas de formación, orientación profesional e promoción da actividade emprendedora corresponderán aos servizos públicos de Emprego das comunidades autónomas ou ao Servizo Público de Emprego Estatal respecto dos traballadores autónomos que cesasen na súa actividade inscritos nas oficinas de emprego do seu ámbito territorial.

Artigo 24. *Libramentos ás comunidades autónomas.*

1. A distribución de fondos que se deba realizar aos servizos públicos de Emprego das comunidades autónomas como órganos xestores das medidas de formación, orientación profesional e promoción da actividade emprendedora a que se refire o artigo 23 deste real decreto, levarase a efecto a través de dous libramentos anuais: o primeiro, do 70 por cento da contía estimada para cada exercicio, no mes de marzo, e o segundo, do 30 por cento restante da estimación anual, no mes de outubro. Non obstante, o Servizo Público de Emprego Estatal non realizará o segundo dos libramentos mencionados ata que as comunidades autónomas xustifiquen a execución do 50 por cento dos fondos inicialmente aboados.

2. A estimación da contía para cada comunidade autónoma efectuarase en proporción ao número de beneficiarios que vaian xestionar no respectivo ámbito territorial, de acordo co previsto no artigo 14.4 da Lei 32/2010, do 5 de agosto. A solicitude da habilitación dos libramentos cursaraa o responsable da xestión autonómica mediante escrito, dirixido ao Servizo Público de Emprego Estatal, con especificación do montante de fondos.

O cálculo dos beneficiarios que xestionará cada Servizo Público de Emprego determinarase en proporción aos beneficiarios da prestación por cesamento de actividade existentes en cada territorio no exercicio inmediatamente anterior a aquel en que se faga efectivo o primeiro dos libramentos antes citados. Non obstante, no primeiro exercicio en que se proceda a realizar os libramentos antes mencionados tomarase en consideración o número de cotizantes desta continxencia desde a entrada en vigor da Lei 32/2010, do 5 de agosto, ata o 31 de decembro de 2010, ao non existiren beneficiarios da prestación por cesamento de actividade no exercicio inmediatamente anterior.

O Servizo Público de Emprego Estatal, no mes de febreiro de cada exercicio, comunicará aos servizos públicos de Emprego autonómicos o montante dos fondos que corresponde a cada un incluíndo, de ser o caso, as cantidades que correspondan por regularización, de acordo co sinalado no punto seguinte, así como o número de beneficiarios existentes en cada territorio no exercicio anterior. Para iso habilitaranse os mecanismos necesarios de intercambio de información entre o Servizo Público de Emprego Estatal e a Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

3. As diferenzas entre as cantidades libradas en cada exercicio en proporción aos beneficiarios inicialmente previstos, existentes en cada territorio no exercicio anterior e os beneficiarios que realmente existisen en cada territorio será obxecto de regularización nos libramentos que se lle realicen a cada comunidade autónoma no exercicio seguinte.

4. O montante dos libramentos queda condicionado á dispoñibilidade do crédito autorizado no estado de gastos do orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal destinado para o seu financiamento.

Artigo 25. Xustificación e documentación que deberán remitir as comunidades autónomas ao Servizo Público de Emprego Estatal.

1. Finalizado o exercicio, e con anterioridade ao 31 de marzo do seguinte ano, as comunidades autónomas remitirán ao Servizo Público de Emprego Estatal un estado comprensivo dos créditos asignados, entendendo por tales os libramentos realizados no exercicio anterior dos compromisos de gastos contraídos, das obrigas recoñecidas e dos pagamentos realizados polas medidas de formación, orientación profesional e promoción da actividade emprendedora xestionadas, así como, de existiren, dos reintegros das medidas financiadas cos libramentos de exercicios anteriores que se levasen a cabo. Esta documentación será suscrita polo responsable da xestión das medidas, ao cal dará a súa conformidade o interventor da comunidade autónoma que realizase a función fiscalizadora.

2. Ademais da documentación sinalada no número anterior, as comunidades autónomas remitirán ao Servizo Público de Emprego Estatal información sobre as medidas aplicadas, os traballadores beneficiarios delas e a execución realizada, detallada e polos medios e nos prazos que se determinen na correspondente resolución de libramento de fondos, que terá en conta, en todo caso, o disposto no número 1 do artigo anterior.

3. O Servizo Público de Emprego Estatal non procederá ao libramento solicitado pola respectiva comunidade autónoma mentres non se cumpran calquera dos seguintes requisitos:

a) Que as comunidades autónomas xustificasen a execución dos fondos librados no exercicio inmediatamente anterior nos termos expostos neste artigo.

b) Que as comunidades autónomas xustificasen o reintegro dos remanentes non comprometidos ou dos gastos comprometidos en exercicios anteriores que finalmente non desen lugar a obrigas recoñecidas nos termos expostos no artigo seguinte.

Artigo 26. Remanentes.

1. Os remanentes non comprometidos dos libramentos feitos efectivos no exercicio anterior serán devoltos polas comunidades autónomas ao Servizo Público de Emprego Estatal antes do 31 de marzo do ano inmediatamente posterior. Esta devolución, que se materializará mediante o correspondente ingreso na conta oficial do Servizo Público de Emprego Estatal situada no Banco de España, acreditarase mediante certificación suscrita polo responsable da xestión das subvencións e polo interventor/a actuante que fiscalizase o gasto e, no seu defecto, pola persoa responsable que teña competencia de control orzamentario ou contable, de acordo co mencionado no artigo 24 deste real decreto, na que conste o montante dos libramentos, o gasto comprometido e o remanente non comprometido, segundo anexo que para o efecto se incorpore á resolución de concesión da Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal pola que se fagan efectivos os libramentos.

Así mesmo, deberán materializar, polo mesmo procedemento descrito no parágrafo anterior, a devolución das cantidades obtidas como reintegros pola respectiva comunidade autónoma, cando se refiran a medidas financiadas cos fondos descritos no artigo 24 deste real decreto.

2. A contía de gastos comprometidos nun exercicio que non fose obxecto de pagamento efectivo no exercicio seguinte deberá ser obxecto de devolución ao Servizo Público de Emprego Estatal polo mesmo procedemento mencionado no punto anterior e con anterioridade ao 31 de marzo do exercicio inmediatamente posterior a aquel en que se debía ter realizado o citado pagamento efectivo. O Servizo Público de Emprego Estatal incluírá un anexo na resolución de concesión antes mencionada para os efectos de comprobar que as comunidades autónomas cumpren esta obriga.

3. De non se realizar a devolución na forma e prazos sinalados nos parágrafos anteriores, o Servizo Público de Emprego Estatal iniciará o correspondente procedemento

de reintegro con suxeición ás prescricións establecidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no regulamento para o seu desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Artigo 27. Colaboración entre os órganos xestores e con outras entidades.

1. Os órganos xestores da protección por cesamento de actividade e os servizos públicos de Emprego correspondentes deberán cooperar e colaborar, no exercicio das súas respectivas competencias, para a aplicación das medidas específicas de formación, orientación profesional e promoción da actividade emprendedora previstos na Lei 32/2010, do 5 de agosto.

Os servizos públicos de Emprego competentes aplicarán aos beneficiarios da protección por cesamento de actividade as accións específicas a que se refire o artigo 3.2 da Lei 32/2010, do 5 de agosto, e verificarán o cumprimento das obrigas establecidas para eses beneficiarios no artigo 17.1.g) e h) da Lei 32/2010, do 5 de agosto, e deberán comunicar os incumprimentos de tales obrigas aos órganos xestores da protección do cesamento de actividade correspondente, no momento en que se produzan ou coñezan. Para estes efectos, os servizos públicos de Emprego poderán requirir en calquera momento a comparecencia dos beneficiarios da prestación por cesamento de actividade.

2. Para a xestión das prestacións a que se refire o número anterior, as mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social comunicarán mensualmente ao Servizo Público de Emprego Estatal as resolucións que se ditasen recoñecendo ao traballador autónomo as prestacións a que se refire o artigo 3.1.a) e b) da Lei 32/2010, do 5 de agosto. Esta comunicación realizarase na forma e co contido que determine o Servizo Público de Emprego Estatal, que dará traslado dela, conxuntamente coa información derivada da xestión realizada polo Servizo Público de Emprego Estatal, aos respectivos servizos públicos de Emprego autonómicos.

Artigo 28. Órganos xestores da protección por cesamento de actividade.

1. A tramitación da protección por cesamento de actividade corresponderá á mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social con que o traballador teña concertada a cobertura da protección por cesamento de actividade no momento do cesamento ou, de ser o caso, ao Servizo Público de Emprego Estatal ou ao Instituto Social da Mariña, se nese momento ten cubertas as contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais respectivamente, co Instituto Nacional da Seguridade Social, ou co Instituto Social da Mariña.

2. A tramitación da suspensión, do restablecemento ou reapertura e da extinción do dereito corresponde ao mesmo órgano xestor que recoñeceu o dereito.

CAPÍTULO V

Réxime de obrigas, infraccións e sancións

Artigo 29. Obriga de cumprimento do compromiso de actividade e de inscrición nos servizos públicos de Emprego.

Os traballadores autónomos beneficiarios da protección por cesamento de actividade deberán cumprir as exigencias do compromiso de actividade, nos termos previstos no artigo 2.1.e), co fin de cumprir as obrigas específicas establecidas no artigo 17.1.g) e h) da Lei 32/2010, do 5 de agosto.

Para estes efectos, os beneficiarios deberán estar á disposición do Servizo Público de Emprego correspondente, para o cal deberán inscribirse e permanecer inscritos nel durante o período de percepción da prestación por cesamento de actividade. Esta inscrición deberase efectuar nos termos do artigo 11.5. A inscrición quedará recollida no marco do sistema de información dos servizos públicos de Emprego previsto no artigo 7 bis da Lei 56/2003, do 16 de decembro.

Artigo 30. *Infraccións.*

En materia de infraccións e sancións, observarase o disposto na Lei 32/2010, do 5 de agosto, e no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

En todo caso, o establecido nos artigos 24.3 e 25.4 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social referirase aos requisitos e obrigas específicos establecidos nos artigos 4.c) e 17.1.g) e h), da Lei 32/2010, do 5 de agosto.

Artigo 31. *Reintegro de prestacións indebidamente percibidas.*

1. De conformidade co establecido na disposición adicional quinta da Lei 32/2010, do 5 de agosto, acerca do reintegro das prestacións indebidamente percibidas, corresponde ao órgano xestor a declaración como indebida da prestación nos seguintes supostos:

- a) Cando se incumpra o disposto no artigo 17.1.h) da Lei 32/2010, do 5 de agosto.
- b) Cando sexa revogado o dereito á prestación por cesamento de actividade.
- c) Nos supostos en que as prestacións fosen indebidamente percibidas como consecuencia de erros materiais ou de feito e os aritméticos, así como pola constatación de omisións ou inexactitudes nas declaracións do beneficiario.
- d) Nos demais supostos en que se produza calquera situación que xere un cobramento indebido.

2. O órgano xestor comunicará á Tesouraría Xeral da Seguridade Social a decisión en que declare indebida a prestación, sendo de aplicación o procedemento previsto no artigo 80 do Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño, para o reintegro de prestacións indebidamente percibidas.

3. Nos casos en que a xestión do cesamento de actividade corresponda ao Servizo Público de Emprego Estatal ou ao Instituto Social da Mariña, en relación coa exigencia de reintegro das prestacións indebidadas, procederase da seguinte forma:

a) Cando a prestación por cesamento de actividade sexa indebida como consecuencia da revisión do dereito previamente recoñecido, ou por outras causas, e o debedor sexa simultaneamente acreedor da prestación por cesamento de actividade, aplicarase o previsto nos artigos 2 e 5 do Real decreto 148/1996, do 5 de febreiro, polo que se regula o procedemento especial para o reintegro das prestacións da Seguridade Social indebidamente percibidas, no que non se opoña ao indicado sobre a compensación ou desconto da débeda seguinte:

O órgano xestor, para se resarcir das cantidades indebidamente percibidas, poderá efectuar as correspondentes compensacións ou descontos na mesma prestación por cesamento de actividade ou na prestación por cesamento de actividade posterior por todo o importe da débeda sobre toda a contía desas prestacións.

b) Nos casos en que non se poida aplicar o procedemento especial de compensación ou desconto anterior ou, aplicándoo, non sexa posible cancelar a débeda, aplicarase o establecido no artigo 80 do Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social.

Artigo 32. *Aplicación a orzamentos.*

Os importes ingresados procedentes de reintegros de pagamentos indebidos imputaranse ao orzamento de gastos correntes no exercicio en que se reintegren, como minoración das obrigas satisfeitas en calquera caso.

Disposición adicional primeira. *Documentación adicional.*

Sen prexuízo da documentación que se recolle neste real decreto, o solicitante da protección por cesamento de actividade poderá xuntar á súa solicitude calquera

documento que coide oportuno para acreditar a concorrencia da situación legal de cesamento de actividade ante o órgano xestor correspondente.

Disposición adicional segunda. *Desenvolvemento da competencia sancionadora.*

En desenvolvemento do disposto no artigo 48.4 bis do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, na redacción dada pola disposición derradeira segunda da Lei 32/2010, do 5 de agosto, a imposición das sancións por infraccións aos traballadores autónomos ou por conta propia, nos casos en que afecten a prestación por cesamento na actividade cando a xestión corresponda a unha mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, corresponderá á delegación do Goberno se a comunidade autónoma é uniprovincial ou á subdelegación do Goberno na provincia en calidade de órganos territoriais da Administración xeral do Estado. Contra as resolucións sancionadoras poderase recorrer perante o ministro de Traballo e Inmigración.

Disposición adicional terceira. *Modificación do Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións na orde social para os expedientes liquidatorios de cotas da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 928/1998, do 14 de maio.*

O Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións na orde social para os expedientes liquidatorios de cotas da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 928/1998, do 14 de maio, queda modificado como segue:

Un. O título do capítulo VII queda redactado do seguinte modo:

«Procedemento para a imposición de sancións por infraccións dos solicitantes ou beneficiarios de prestacións do sistema de Seguridade Social e de traballadores autónomos solicitantes ou beneficiarios da prestación por cesamento de actividade.»

Dous. Engádesse un novo artigo 38 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 38 bis. *Procedemento para a imposición de sancións aos traballadores autónomos solicitantes ou beneficiarios da prestación por cesamento de actividade.*

1. O procedemento para a imposición de sancións aos traballadores autónomos solicitantes ou beneficiarios da prestación por cesamento de actividade iníciase por acta de infracción da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

2. O contido das actas, así como a tramitación e resolución do procedemento sancionador axustaranse ao previsto no capítulo III deste regulamento para procedementos sancionadores iniciados no ámbito da Administración xeral do Estado, sen prexuízo das particularidades previstas neste artigo.

3. Instruído o expediente, o xefe da Unidade Especializada de Seguridade Social da Inspección de Traballo e Seguridade Social elevarao coa proposta de resolución ao órgano competente para ditar a resolución. No caso de que a xestión da prestación corresponda a unha mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, comunicaráselle a proposta de resolución para o seu coñecemento.

4. No caso de infraccións moi graves, o xefe da Unidade Especializada remitirá, de ser o caso, proposta de suspensión cautelar do desfrute da prestación, sobre a cal se deberá pronunciar o órgano competente para resolver. Este acordo de suspensión suporá a interrupción do aboamento da prestación económica e da cotización á Seguridade Social.

No suposto en que a xestión da prestación por cesamento de actividade corresponda a unha mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade

Social, o órgano competente para resolver remitirá copia do acordo de suspensión cautelar ao órgano xestor para que proceda a facela efectiva, suspensión que se manterá ata a resolución definitiva do procedemento sancionador.

5. As resolucións ditadas nos procedementos sancionadores serán susceptibles de recurso ante o ministro de Traballo e Inmigración. Estas resolucións serán tamén comunicadas ao xefe da Unidade Especializada de Seguridade Social da Inspección de Traballo e Seguridade Social na cal se iniciase o procedemento sancionador correspondente.

6. Cando a xestión da prestación corresponda a unha mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, o órgano competente para resolver comunicará a resolución a ese órgano xestor.»

Disposición adicional cuarta. *Pagamento único da prestación por cesamento de actividade.*

En aplicación do disposto na disposición adicional décimo cuarta da Lei 32/2010, do 5 de agosto, aplicaranse as regras seguintes ao pagamento único da prestación por cesamento de actividade:

1. Quen sexa titular do dereito á prestación por cesamento de actividade e teña pendente de recibir un período de, ao menos, seis meses, poderá percibir dunha soa vez o valor actual do importe da prestación, cando acredite ante o órgano xestor que vai realizar unha actividade profesional como traballador autónomo ou socio traballador dunha cooperativa de traballo asociado ou sociedade que teña o carácter de laboral.

2. O beneficiario que desexe percibir a súa prestación dunha soa vez poderao solicitar ao órgano xestor, xuntando á solicitude memoria explicativa sobre o proxecto de investimento que vaia realizar e actividade que vaia desenvolver, así como canta documentación acredite a viabilidade do proxecto.

3. No caso de persoas que se desexen incorporar como socios a cooperativas de traballo asociado ou sociedades laborais, deberán presentar certificación de ter solicitado o seu ingreso nelas e das condicións en que este se producirá. Se se trata de cooperativas ou sociedades laborais de nova creación deberán xuntar, ademais, o proxecto de estatutos da sociedade. Nestes casos o aboamento da prestación na súa modalidade de pagamento único estará condicionado á presentación do acordo de admisión como socio ou á efectiva inscrición da sociedade no correspondente rexistro.

4. O órgano xestor, tendo en conta a viabilidade do proxecto que se pretende realizar, recoñecerá o dereito no prazo de trinta días contados desde a solicitude do pagamento único. Contra a decisión do órgano xestor poderase reclamar nos termos do artigo 19 da Lei 32/2010, do 5 de agosto.

A solicitude do aboamento da prestación por cesamento de actividade, en todo caso, deberá ser de data anterior á data de incorporación á cooperativa ou sociedade laboral ou á de constitución da cooperativa ou sociedade laboral, ou á de inicio da actividade como traballador autónomo, considerando que tal inicio coincide coa data que como tal figura na solicitude de alta do traballador na Seguridade Social.

5. Unha vez percibida a prestación polo seu valor actual, o beneficiario deberá iniciar, no prazo máximo dun mes, a actividade para cuxa realización se lle concedese e darse de alta no correspondente réxime da Seguridade Social, ou acreditar, de ser o caso, que está en fase de iniciación.

6. O aboamento da prestación realizarase dunha soa vez polo importe que corresponda ás achegas ao capital, incluíndo a cota de ingreso, no caso das cooperativas, ou ao da adquisición de accións ou participacións do capital social nunha sociedade laboral no necesario para acceder á condición de socio traballador, ou ao investimento necesario para desenvolver a actividade no caso de traballadores autónomos, incluídas as cargas tributarias para o inicio da actividade.

Aboarase como pagamento único a contía da prestación, calculada en días completos, da cal deducirá o importe relativo ao xuro legal do diñeiro.

7. O órgano xestor, por solicitude dos beneficiarios desta medida, poderá destinar todo ou parte do pagamento único da prestación por cesamento de actividade a cubrir os custos de cotización á Seguridade Social. En tal caso, deberase ater ás seguintes regras:

Primeira. Se non se obtén a prestación polo seu importe total, o importe restante poderase obter conforme o establecido na regra 2 seguinte.

Así mesmo, o beneficiario da prestación poderá optar por obter toda a prestación pendente de percibir conforme o establecido na regra 2 seguinte.

Segunda. O órgano xestor poderá aboar mensualmente o importe da prestación por cesamento de actividade para subvencionar a cotización do traballador á Seguridade Social e, neste suposto:

a) A contía da subvención, calculada en días completos de prestación, será fixa e corresponderá ao importe da achega íntegra do traballador á Seguridade Social no momento do inicio da actividade, sen considerar futuras modificacións.

b) O aboamento realizárase mensualmente a entidade ou organismo xestor ao traballador, logo de comprobar que se mantén en alta na Seguridade Social no mes correspondente.

8. A percepción da prestación nun pagamento único será compatible con outras axudas que para a promoción do traballo autónomo ou a constitución ou integración en cooperativas ou sociedades laborais se poidan obter.

9. A non afectación da cantidade percibida á realización da actividade para a cal se concedese será considerada pagamento indebido para os efectos previstos no artigo 31 deste real decreto. Para estes efectos, entenderase, salvo proba en contrario, que non existiu afectación cando o traballador, no prazo dun mes, non acredítase os aspectos indicados no número cinco desta disposición adicional.

Disposición adicional quinta. *Traballadores por conta propia agrarios.*

1. O previsto neste real decreto será de aplicación aos traballadores incluídos no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios que reúnan os requisitos previstos no artigo 4 da Lei 32/2010, do 5 de agosto, coas especialidades previstas nesta disposición.

2. Encontraranse en situación legal de cesamento de actividade todos aqueles traballadores que cesen definitivamente no exercicio da súa actividade por algunha das situacións seguintes:

a) Perdas derivadas do exercicio da súa actividade nos termos previstos no artigo 5.1.a).1.º da Lei 32/2010, do 5 de agosto.

b) Por execucións xudiciais ou administrativas para o cobramento de débedas polo importe previsto no artigo 5.1.a).2.º da Lei 32/2010, do 5 de agosto.

c) Por declaración xudicial de concurso.

d) Por morte, xubilación ou incapacidade permanente do titular do negocio en que o traballador por conta propia agrario veña realizando funcións de axuda familiar.

e) Por forza maior.

f) Por perda da licenza administrativa.

g) Pola violencia de xénero determinante do cesamento da actividade da traballadora.

h) Por divorcio ou separación matrimonial no suposto de que o traballador por conta propia agrario exerce funcións de axuda familiar no negocio do seu ex-cónxuxe.

3. Considérase situación legal de cesamento de actividade cando os traballadores cesen temporalmente no exercicio da súa actividade, exclusivamente nos seguintes supostos:

a) Cando por causa de forza maior se realice un cambio de cultivo ou de actividade gandeira, durante o período necesario para o desenvolvemento do ciclo normal de evolución do novo cultivo ou gandería.

b) Cando por causa de forza maior se produza dano nas explotacións agrarias ou gandeiras, durante o tempo imprescindible para a súa recuperación.

c) Durante o período de erradicación das enfermidades en explotacións gandeiras.

d) Por violencia de xénero determinante do cesamento temporal da actividade da traballadora por conta propia agraria.

4. A perda da condición de comuneiro das comunidades de bens ou de socio de sociedades de calquera natureza, incluídos no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios, só xerará dereito á prestación cando se acredite que o cesamento da actividade se debe ás perdas económicas recollidas no artigo 5.1.a) da Lei 32/2010.

5. Os traballadores incluídos no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios que teñan a obriga de cotizar conforme a Lei 32/2010, iniciarán a cotización o 1 de xaneiro de 2012.

Disposición adicional sexta. *Ámbito subxectivo de protección por cesamento de actividade.*

Aqueles armadores de embarcacións que, independentemente da súa condición de empresarios de tal embarcación, prestan servizo a bordo dela coma o resto da tripulación, enrolados nela como un tripulante máis e percibindo unha parte do monte menor, se a retribución é á parte, ou un salario, como o resto dos tripulantes, quedarán incluídos dentro da protección por cesamento de actividade.

Disposición adicional sétima. *Xustificación e documentación que deberán remitir as comunidades autónomas sen órgano fiscalizador.*

Nos casos do artigo 25 deste real decreto en que a xestión que realice a comunidade autónoma se leve a efecto sen a concorrencia de órgano fiscalizador (interventor) por non dispor del segundo a súa propia organización e competencias en materia de execución orzamentaria, contable e financeira, a conformidade será dada pola persoa responsable que teña competencia de control orzamentario ou contable, que deixará constancia de tal circunstancia mediante a indicación expresa da disposición normativa que así o ampare, con referencia á súa publicación no diario oficial da comunidade autónoma.

Disposición transitoria única. *Gastos de administración imputables polas mutuas.*

As mutuas poderán imputar como gastos de administración aqueles que resulten necesarios para a posta en marcha e desenvolvemento do sistema de xestión da prestación por cesamento de actividade dos traballadores autónomos, tales como os derivados da posta en funcionamento de novos programas informáticos, de desenvolvemento e formación dos seus recursos humanos e, de ser o caso, os de comprobación e seguimento das situacións protexidas, isto sen prexuízo da aplicación a partir da súa aprobación das regras de contabilidade analítica que se establezan, mediante a correspondente resolución da Intervención Xeral da Seguridade Social, previstas neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia exclusiva en materia de réxime económico da Seguridade Social, atribuída ao Estado polo artigo 149.1.17.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Execución e desenvolvemento.*

Facúltase a persoa titular do Ministerio de Traballo e Inmigración para ditar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento deste real decreto.

Así mesmo, facúltase a Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social e a Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal, no ámbito das súas competencias financeiras e de xestión, para ditar cantas resolucións sexan precisas para o desenvolvemento deste real decreto, incluíndo documentación informativa sobre as obrigas do traballador autónomo nos casos en que teña traballadores por conta allea ao seu cargo e solicite a protección por cesamento na actividade.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», con efectos do 1 de novembro, salvo o disposto no artigo 19, que terá efecto desde o 1 de xaneiro de 2011 e a disposición adicional quinta, que entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2012.

Dado en Madrid o 31 de outubro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Trabajo e Inmigración,
VALERIANO GÓMEZ SÁNCHEZ